



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 3 DE SETEMBRO DO 2009**

**LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA**

**TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZA O VIEITES

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ

Concelleira

## GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE  
Primeira Tenente de Alcalde e Alcaldesa en funcións  
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO  
Concelleiro.  
DNA. ISABEL RUIZ FERRO  
Concelleira

## GRUPO CIDEGA

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS  
Concelleiro  
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ  
Concelleiro

## SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

## FALTAN Á SESIÓN

DNA. CELSA PÉREZ GIL  
Interventora de Fondos

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas trinta e cinco minutos do día tres de setembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, réunese no Salón de Sesións a Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario Xeral.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, pob Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

### **ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

#### **A) PARTE RESOLUTORIA.-**

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE A SESIÓN DO 6 DE AGOSTO DE 2009.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL SOBRE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO.
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE RELATIVO Á COMUNICACIÓN POR PARTE DE SOGAMA DA SÚA CESACIÓN NA RECEPCIÓN DE RESIDUOS VOLUMINOSOS PROCEDENTES DOS CONCELLOS DE GALICIA

#### **B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-**

4º.-	DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 10 DE AGOSTO DE 2009, E CORRECCIÓNS REALIZADAS EN SESIÓN DO 24 DE AGOSTO, CORRESPONDENTE Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O
------	--

	DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS EXPERIMENTAIS E INNOVADORAS EN MATERIA DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO.
5º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*\*\*

#### A) PARTE RESOLUTORIA.-

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO 6 DE AGOSTO DE 2009.** En relación coa aprobación da acta correspondente á sesión plenaria do pasado 6 de agosto de 2009, cómpre sinalar o seguinte:

Xunto coa convocatoria da sesión a celebrar en setembro, remitíraselles aos Sres Concelleiros e Concelleiras non copia do borrador definitivo da acta (como procedía), senón copia do borrador preliminar. Polo tanto, o mesmo presentaba algúns erros.

Detectada a incidencia, foi debidamente comunicada aos voceiros dos grupos, ao tempo que se lles remitía o borrador definitivo da acta.

Así pois, a acta que se somete a aprobación nestes momentos é xa con esa redacción definitiva.

Tamén sinala o Sr. Alcalde que, obviamente, a acta en cuestión é a da última sesión plenaria (sesión de 6 de agosto de 2009), e non a acta da sesión de 3 de setembro de 2009 como figuraba no Decreto de convocatoria coa orde do día.

Conformes todos os Concelleiros coa aclaración, apróbase por unanimidade a acta da sesión do 6 de agosto de 2009. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL SOBRE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO.** A Corporación, aproba por unanimidade, e sen producirse intervencións, o ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, e adopta o seguinte

#### ACORDO:

-Vista a evidente conveniencia de modifica-lo Regulamento de Voluntariado Social vixente neste Concello.

-Visto o artigo 49 da Lei 7/85 no relativo á aprobación das Ordenanzas.

-Vista a competencia do Pleno da Corporación segundo o preceptuado no artigo 22.2.f) da Lei 7/85.

#### ACORDAMOS:

1º.-A modificación dos artigos 6º e 11º.6 do Regulamento municipal do Voluntariado Social, que quedan redactados da seguinte maneira:

*"ARTIGO 6º: Requisitos:*

*As persoas físicas que soliciten a súa incorporación coma voluntarias na organización municipal de voluntariado da Estrada, deberán reunir estes requisitos:*

*Ser maior de idade. Os menores de idade poderán participar nos programas e proxectos de voluntariado social especificamente adaptados ás súas características, mediante autorización expresa dos seus pais, titores ou da institución que os teña ao seu cargo, con respecto en todo caso a vontade do/a menor.*

*Residir e estar empadroados no Concello da Estrada e excepcionalmente noutros municipios.*

*Posuír un perfil axeitado coas tarefas encomendadas e co colectivo ou usuarios obxecto das intervencións.*

*Garantir a necesaria aptitude psicolóxica e física en relación ás tarefas a desenvolver.*

Acepta-las normas establecidas neste regulamento.

ARTIGO 11: Incorporación dos/as voluntarios/as:

6. Comunicación da resolución da solicitude o/a solicitante, proceden do . a entrega da Carta de Dereitos e Obrigas do Voluntario (anexo 11) e o Carné que o identifica coma voluntario/a social do Concello da Estrada asinado por el mesmo, e o alcalde do concello da Estrada (anexo IV). Este carné, así coma a indumentaria que poida percibir, . devolverase unha vez finalice a súa labor coma voluntario".

2º.-Publicar anuncio do presente Acordo no Taboleiro de Edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal, a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días.

3º.-Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado".

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE RELATIVO Á COMUNICACIÓN POR PARTE DE SOGAMA DA SÚA CESACIÓN NA RECEPCIÓN DE RESIDUOS VOLUMINOSOS PROCEDENTES DOS CONCELLOS DE GALICIA** O secretario da Corporación dá lectura do ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente, de data o 26 de agosto de 2008, probado cos votos a favor do grupo socialista, BNG e CIDEGA e coa abstención dos votos do Partido Popular.

- ***Sr. López Campos:** Ben, boas tardes noites, e benvido Sr Alcalde despois de non honrarnos coa súa presenza no Pleno do mes de agosto e noutros temas de importancia vital no desenvolvemento da vida diaria do noso Concello, pero hoxe hónranos coa súa presenza e quero entrar a valorar neste punto 3º da Orde do Día e quero facer referencia un debate que nos deixou un pouco perplexos incluso ao Grupo Popular na propia Comisión cando o Sr Espiño capitaneou unha xuntanza nunha soa de dúas mocións distintas, como vén sendo habitual e despois de que non se puidese debater, fixesen un remix in situ desa situación para preparar unha moción conxunta na que o Partido Popular non tivo participación. O que si está claro é que somos conscientes da situación actual na que se atopa SOGAMA. Ademais, neste caso quero dende logo trasladarlle a miña felicitación por ter a valentía política de presentar unha moción 120 días despois de perder o Goberno cando o actual secretario xeral do partido era o responsable da xestión en SOGAMA, e é vox pópuli, notorio e público cal é a situación na que se atopa SOGAMA. Dende logo, agardemos que mellore á fronte do Partido Socialista, porque como sexa a mesma xestión que fixo en SOGAMA, agárdalle unha longa travesía do deserto. Pero nos estraña fundamentalmente que agora presenten esta iniciativa cando (e eu creo que é conveniente recordar e eu creo que os membros desta Corporación o saben), que os problemas que se derivan agora veñen ocasionados por unha decisión tomada pola Consellería de Medio Ambiente no ano 2008, na que nese mesmo ano se aproba a autorización ambiental a SOGAMA e a Lei de residuos de Galicia; vén orixinado desa decisión que toma o bipartito e o Sr Pachi Vázquez, (secretario xeral do Partido Socialista e nese momento Conselleiro competente na materia), e a través deses acordos non se permite xestionar os voluminosos da sociedade e (e iso é grave), non prevén ningún orzamento para poder suplir esas deficiencias ou ese gran déficit que se lle vai causar ás administracións locais. Eu tamén quero recordar, e nesta iniciativa que nos parece moi lexítima, pois explícase cal é a situación actual dos concellos de Galicia e coincidimos que é unha lacra importante a situación na que se atopan as contas das administracións públicas en xeral e dos concellos en particular, pero tamén quero recordarlle que foi o propio Goberno do Partido Socialista e o BNG o que elaborou os Orzamentos do ano 2009, no cal, sabendo que no ano 2008 se tomaba esta decisión sobre SOGAMA, se tiña que haber recollido Orzamento necesario para*

*solventar o problema económico que lle vai supoñer aos concellos esta decisión tomada en SOGAMA. E agora, e xa non agora, que senón dende o día 1 de marzo, veñen vostedes a presentar unha iniciativa extemporánea, cando vostedes tiveron as competencias para poder facelo, e agora veñen vostedes dicindo que a culpa é do PP, e vostedes xa son mestres nese slogan, e vostedes, con suma hipocrisía, ao noso entender, que esixan ou que pidan á Xunta a desfeita creada polos seus propios membros do seu partido, do Partido Socialista e o BNG no ano 2008, e con competencias a nivel orzamentario para poder recoller este desfase orzamentario e axudar aos concellos nese desfase que se lle ía ocasionar.*

*Pero, por desgracia e como soe suceder, a Xunta de Galicia non consignou nin un só euro para prever esta situación. Falta de previsión, que agora a partires do 1 de setembro se converte nun serio problema para as administracións locais. Pero, era de todos coñecido e a data límite era coñecida por todos que a partires do 1 de setembro Sogama deixaba de recoller voluminosos, sabíao Pachi Vázquez, sabíao a Xunta de Galicia, sabíao o anterior presidente, sabíano as corporacións locais e sábeo a nova Xunta de Galicia e cónstame que a Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio, fixo unha oferta a todos os concellos de Galicia ofrecéndolles o seu apoio e enviándolles un escrito para informar que se tomarían medidas para intentar paliar ese desfase ou ese déficit orzamentario que lles vai ocasionar a problemática da non recollida de residuos voluminosos en SOGAMA. Eu creo que unha vez máis esta iniciativa chega tarde e é totalmente extemporánea, creo que si é conveniente facerlle saber á Xunta de Galicia, ao conselleiro a situación económica e financeira que atravesan os concellos de Galicia en xeral e o Concello da Estrada en particular, e dende logo unha maior carga de gasto corrente que suporá o tratamento de residuos voluminosos non é beneficioso na situación actual. Pero eu creo que xa chega un momento en que farta un pouco esta estratexia de crítica, desgaste, de pasar a pelota ao tellado contrario cando en realidade as competencias, as responsabilidades e a obriga de ter solucionado este problema eran do POSE e do BNG e non fixeron absolutamente nada por solucionalo. Aínda así, nós, na diferenza que mantemos co Partido Socialista e co BNG, reclamamos o que é de lei incluso cando o noso partido goberna e imos reclamar esta iniciativa e todas as iniciativas que supoñan un menor custo do gasto corrente para o noso concello e unha menor carga para os veciños e veciñas da Estrada.*

Non producíndose máis intervencións, a Corporación, aproba por unanimidade o ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente, e adopta o seguinte

#### ACORDO:

Primeiro.- Incentivar a construción de puntos limpos nos Concellos onde aínda non existan e continuar coa liña de axudas á xestión dos mesmos posta en marcha na anterior lexislatura.

Segundo.- Poñer a disposición dos concellos de Galicia por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a relación de xestores autorizados para a recollida de calquera tipo de residuo voluminoso e as tarifas oficiais establecidas ao efecto.

Terceiro.- Financiar, dende a Xunta de Galicia, os diferenciais de custo para os Concellos entre as tarifas que ata o de agora pagaban a SOGAMA e os novos custos derivados desta decisión, de xeito que os Concellos galegos non teñan unha maior carga económica pola xestión destes residuos voluminosos.

Cuarto.- Sen prexuízo do anterior, instar á Xunta de Galicia e á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ao mantemento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipios adheridos, nas condicións que o viña facendo ata o de agora, para o seu posterior tratamento por un xestor autorizado e conforme á normativa vixente; ou, no seu defecto, instar á Xunta de Galicia a que achegue unha solución alternativa e viable que non supoña un incremento do recibo do lixo dos Concellos afectados.

\*\*\*\*\*

**FÓRA DA ORDE DO DÍA** a Sra. Giselle Maïssa Rodrigo, solicita a inclusión dunha moción referente á Universidade Internacional Menéndez Pelayo para a toma en consideración da Estrada como sede de cursos no ano 2010 e anos sucesivos:

**Dona Giselle Maïssa Rodrigo:** *Prégase ao Pleno do Concello da Estrada que aprrobe a moción de solicitar da Universidade Menéndez Pelayo a consideración de dita vila como sede de cursos de verán da devandita universidade. O Grupo Municipal do PP, xustifica a urxencia por dúas razóns importantes:*

*Primeira, pola necesidade de que a solicitude co seu correspondente gasto fose considerado dentro do Orzamento do 2010.*

*Segundo pola premura do tempo, contando co que se necesita para poder tramitar esta solicitude.*

Sometida a urxencia a votación, apróbase por unanimidade.

**Dona Giselle Maïssa Rodrigo:** *A Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) foi creada en 1932 e transformouse nunha das máis destacadas universidades de verán en Europa, tanto polo prestixio dos cursos e seminarios de carácter universitario que organiza, como polos especialistas e profesores que os imparten. A súa programación académica, que trata de cuestións da maior actualidade e calidade científica en calquera das disciplinas do coñecemento, complétase cunha gran mostra de" actividades culturais.*

*Os concellos de Lalín e Forcarei acollen este ano 2009 dous dos nove cursos de verán programados pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo na provincia de Pontevedra. Entón, este Grupo Municipal do Partido Popular, considerando:*

- *Que o Concello de A Estrada ten a suficiente entidade e importancia, para poder ter este tipo de actividades culturais.*
- *Que A Estrada conta con instalacións e medios para o desenvolvemento de actividades culturais desta categoría.*
- *Que o presuposto municipal debería contemplar o financiamento de actividades deste nivel.*
- *Que a vila recibiría un pulo de actividade cultural moi importante que redundaría en ben da poboación e axudaría a poñer o nome da Estrada no mapa cultural. Por todo o anterior, prégase ao Pleno do Concello da Estrada que aprrobe a moción de solicitar da UNiversidade Internacional Menéndez Pelayo a consideración da nosa vila como sede para cursos de verán da devandita universidade. Na Estrada 3 de agosto.*

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a súa aprobación, quedando aprobada por unanimidade a adopción do seguinte acordo:

Solicitar da Universidade Internacional Menéndez Pelayo a consideración da nosa vila como sede para cursos de verán da devandita universidade

\*\*\*\*\*

**Don José Manuel Reboredo Baños:** *Boa tarde, nós aproveitando este Pleno queríamos presentar un escrito a esta Corporación e pedimos polo tanto o seu apoio para que o Sr Secretario dea lectura ao mesmo.*

**Sr. Alcalde:** *De acordo.*

Sr. Secretario: *D. José Manuel Reboredo Baños e D. Juan Antonio Torres Álvarez, concelleiros do Excmo. Concello da Estrada adscritos ao Grupo Municipal de Cidadáns de Galicia, solicitan causar baixa o Grupo Municipal de Cidadáns de Galicia e constituírse en Grupo Municipal de Non Adscritos, aos efectos oportunos e asinados polos dous concelleiros.*

**Sr. Alcalde:** *De acordo, pois pasamos á parte de control, e pasamos polo tanto ao punto cuarto:*

**4º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 10 DE AGOSTO DE 2009, E CORRECCIÓNS REALIZADAS EN SESIÓN DO 24 DE AGOSTO, CORRESPONDENTE Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS EXPERIMENTAIS E INNOVADORAS EN MATERIA DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO.** A proposta da concelleira de servizos sociais, sanidade e Igualdade do Excmo. Concello da Estrada, dáse conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 10.08.09, e as correccións realizadas o 24 de agosto de 2009.

**5º.- ROGOS E PREGUNTAS.** A pesares de terse omitido por erro no Decreto de convocatoria o punto de “rogos e preguntas”, este celébrase, tal e como corresponde

**Dona Giselle Maïssa Rodrigo:** Imos ver, varios rogos e varias preguntas. O Grupo Municipal do PP roga a urxente limpeza e arranxo dos monumentos dedicados aos autores literarios que están na Rúa da Cultura. Imos ter proximamente unha Feira do Moble, e moitísima xente vai pasar por alí e algunhas delas están nun estado francamente deplorable.

**Dona Giselle Maïssa Rodrigo:** Noutra orde de cousas, imos solicitar unha serie de cousas, que para facilitar a vida municipal e para facilitar que estes plenos poidan ter un pouco máis de animación ou polo menos de eficacia, este Grupo Municipal do PP roga unha serie de cambios na organización da vida municipal, en pos dunha maior facilidade e comodidade na comunicación entre o Grupo de Goberno e os grupos da oposición, reafirmando deste xeito a solicitude dunha maior coherencia na dinámica municipal. Isto resúmese en catro rogos:

Rogo que as respostas escritas que facilita o Goberno Local correspondentes ás preguntas feitas en Pleno, sexan facilitadas a todos e cada un dos concelleiros e concelleiras da oposición municipal.

Rogo que as respostas escritas que elabora o Goberno Local correspondentes ás preguntas feitas en Pleno sexan facilitadas á oposición, xuntamente coa convocatoria do seguinte Pleno Ordinario.

Rogo que as actas, incluso sen aprobar, das distintas comisións informativas cuxos ditames vaian resolverse no Pleno, se inclúan na convocatoria de ditos plenos.

E por último rogo que as convocatorias dos Plenos Municipais e das comisións informativas, con toda a información xunta e que constitúe materia de deliberación do Pleno ou das comisións, sexa enviado por correo electrónico aos concelleiros e concelleiras que así o soliciten.

\*\*\*\*\*

Preguntas: Pregunta sobre Campus de Verán. No pasado Pleno do mes de xaneiro este Pleno aprobou a moción do PP de solicitar da Universidade de Santiago de Compostela a realización de campus de verán no ano 2009 e anos sucesivos na vila, e pasar a formar parte dos campus de verán de dita universidade. A prensa, no mes de marzo, publicou a noticia “La Universidad de Santiago de Compostela (USC) incluye en su programación el curso de igualdad en la capital dezana. La inclusión es definitiva en la oferta de cursos de la Universidad de Santiago de Compostela en este año. 400 alumnos matriculados no solo de Galicia sinó de toda España en las cuatro ediciones anteriores”. É dicir, que Lalín contou cun curso de verán da Universidade

de Santiago de Compostela este pasado mes de xullo 2009 e neste momento este Grupo Municipal do PP quere saber e pregunta: Houbo algunha resposta por parte da Universidade á nosa solicitude?. Imos ter algún curso de verán da USC, polo menos no futuro?.

**Sr. Alcalde:** Contestarémolle por escrito.

**Dona Giselle Maïssa Rodrigo:** Pregunta sobre a UNED. No pasado Pleno do mes de xaneiro, este Pleno aprobou unha moción do Grupo Municipal do PP referente á instalación dunha aula para impartir clases para o acceso a maiores de 25 anos o vindeiro curso académico 2009-2010. Preguntas: Houbo algunha resposta da UNED á nosa solicitude?. Imos ter aula para maiores de 25 anos este curso que empeza?.

**Sr. Alcalde:** Contestarémolle por escrito.

**Dona Giselle Maïssa Rodrigo:** Pregunta sobre axudas a actividades culturais. No DOG do mércores 8 de abril de 2009, atópase a Orde do 18 de maio de 2009, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para os concellos de Galicia con menos de 50.000 habitantes e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para a realización de actividades culturais e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. Os destinatarios serán as entidades locais que cumpran os requisitos e as accións subvencionables serán especialmente as iniciativas que teñan por obxecto desenvolver programacións estables de artes escénicas e musicais, as do fomento do libro e da lectura e especialmente as que teñan que ver coa memoria histórica. O prazo rematou no mes de maio. A pregunta é: solicitouse?, e se a resposta é negativa é por que non se solicitou?, e se a resposta é afirmativa, a pregunta é: cal foi a iniciativa que se solicitou?. Se a resposta fose afirmativa, este Grupo Municipal do PP roga que se lle faga chegar a este Grupo Municipal a documentación presentada.

**Sr. Alcalde:** Contestarémolle por escrito.

**Dona Giselle Maïssa Rodrigo:** Pregunta axudas para conservación do patrimonio. No DOG do 13 de abril de 2009, atópase a Orde do 3 de abril de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas a actividades de fomento para conservación e restauración do patrimonio etnográfico de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. Os destinatarios: entre outros comunidades de bens e persoas xurídicas e asociacións sen ánimo de lucro que teñan a cualidade de propietarios. O obxectivo, fomento de actuacións de conservación e mantemento, conservación e restauración. O prazo é ata o mes de maio de 2009, entón a pregunta é: solicitouse?, se a resposta é afirmativa a pregunta é que proxecto se solicitou e se é negativa por que non se presentou. Se a resposta é afirmativa este grupo municipal do PP roga que se faga chegar ao Grupo Municipal do PP a documentación presentada.

Pregunta sobre mellora das instalacións técnicas dos espazos escénicos. No DOG do mércores 8 de abril de 2009, atópase a Orde do 1 de abril de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, para o equipamento e mellora das instalacións técnicas dos espazos escénicos e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. Os beneficiarios serán as corporacións titulares de locais, cunha programación estable ao longo do ano. As accións subvencionables serán Realización de investimentos de equipamento escénico, iluminación e son, equipamento audiovisual, xeral de sala e sistemas de prevención e seguridade, así como accións encamiñadas á mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. O prazo rematou no mes de maio. Pregunta: solicitouse?. Se a resposta é afirmativa: que proxecto se solicitou?. Se a resposta é negativa por que non se solicitou?. Se a resposta é afirmativa este grupo municipal do PP roga que se faga chegar ao Grupo Municipal do PP a documentación presentada.

Pregunta sobre a Biblioteca Municipal. A Biblioteca Municipal do Concello da Estrada. Pregunta: está integrada na Rede de Bibliotecas de Galicia?. E segunda pregunta: está integrada no proxecto Meiga de xestión de bibliotecas?. Normalmente, paréceme a min que a resposta vai



ser negativa e entón a pregunta é por que non?. A pregunta tamén é cando vai integrarse a Biblioteca Municipal na Rede de Bibliotecas de Galicia?.

**Sr. Alcalde:** Contestarémolle por escrito.

**Dona Cristina Goldar Soto do PP:** Boas noites, teño dous rogos. O primeiro rogo é reiterar de novo a solicitude que xa se fixo en anteriores plenos sobre un contedor de vidro para o lugar de Campos, parroquia de Guimarei para que a ver se se axilizan os trámites e a ver se se pode poñer ese contedor de vidro. Por outro lado, tamén queríamos preguntar se xa se fixo algún trámite máis ou temos algunha información máis sobre as posibles obras a acometer nesa canalización que se atopaba atorada no lugar de Campos – Guimarei e que me foi informando moi amablemente pola Sra. López Doce. Non sei se se fixo algunha xestións máis ou se temos algunha información máis de se se pode facer algo ou non se pode facer nada.

**Dona Raquel López Doce do BNG:** A información que eu teño é que estaban obstruídas por terra, que unha vez que se lles meteu auga a presión quedaron libres de paso e entón non requirían ningunha outra actuación.

**Dona Cristina Goldar Soto do PP:** Ben, é que o problema ao parecer persiste, e entón se se pode facer algún tipo de actuación e sen que supoña un problema. Esta é unha pregunta dirixida (se o Sr Alcalde o estima pertinente) á concelleira de Asuntos Sociais, se non, pois xa se respostará por escrito. Que iniciativas dende o Concello se están a tomar para a promoción de actividades na infancia e no seu entorno?.

**Sr. Alcalde:** Contestarémolle por escrito.

**Sr. Maceira Besteiro, do PP:** Eu quería facer unha pregunta ao Sr. Alcalde, despois de facer varios rogos durante dous anos, quería saber se teñen pensado mandar a motoniveladora ao Agro de Currelo e pegado tamén ao lugar de Vendexa, en Cruxás, que sería a continuación, unha pista que sube cara o túnel da autoestrada e que está nun lugar terriblemente malo; polo medio da pista hai foxos de máis dun metro de profundidade, onde case non se pode circular nin a pé. Aproveitando que estamos rematando a época de verán, sería conveniente se o estiman oportuno enviala dunha vez por todas. Grazas.

**Sr. López Campos, concelleiro do PP:** Ben, eu traía tamén unha serie de preguntas e de rogos, pero hoxe vimos en son de paz, tampouco queremos comezar o curso político con crispación nin debates tensos, e entón vimos coa fumata branca, por un lado para intentar mellorar se é posible, a xestión marabillosa que está facendo o Goberno Municipal, e nós queremos achegar o noso gran de area para tratar de mellorar posibles cousas que se poidan estar facendo mal e que son mellorables. E nesa liña, eu quería empezar facendo unha pregunta, non quero facela con moita sorna, pero a verdade é que a cousa se presta a iso. Viñan de recoller os medios de comunicación que as obras dos Xardíns Municipais estaban paralizadas, vin que empezaban hoxe a traballar de novo, pois a empresa adxudicataria estaba facendo acopio de materiais. Supoño que non terá nada que ver con ese cambio de obxecto social que a empresa tivo que facer a última hora para dedicarse á obra pública, e claro, entendendo que non é unha obra das que non está acostumado a facer, non tería materiais para facer a obra. A miña pregunta é se ese é o motivo ou se o motivo é algo máis normal e non temos que ser tan mal pensados.

**Sr. Alcalde:** Contestarémolle por escrito.

**Sr. López Campos, concelleiro do PP:** No que respecta á obra que se está facendo na Praza Martínez Anido, á parte da contestación social que no seu momento houbo por esa obra e que eu creo que foi un erro capital non consultar ou facer caso a unha asociación sen consultar ao resto dos comerciantes que poidan estar afectados polos cambios que se van producir a través da execución desta obra, vimos tamén de ver nos medios de comunicación que vai haber uns pequenos cambios, que non nos quedou moi claro por que non están motivados, pero que son uns cambios que encarecen o orzamento da obra e que o Concello sorpresivamente se plantea eliminar a parte que estaba orzamentada para contedores

soterrados e vai poñer contedores de superficie. Eu creo que é un tema que se é así e a resposta é afirmativa pediríamos que valorasen a opción ou as diferentes opcións que hai para subsanar ese tema por que hoxe en día, despois da cantidade de diñeiro que se vai investir nesa obra, máis de 240.000 € que xa é unha obra considerable, cometer o gran erro de poñer os contedores en superficie, paréceme o culmen do despropósito, entón valoren as posibilidades que hai, eu non sei cales son as desviacións da obra, supoño que haberá un proxecto aprobado, e nese caso haberá que modificalo, e sobre todo que en pleno século XXI falar de contedores en superficie nunha praza con ese investimento e en teoría con esa remodelación que se lle quere dar, paréceme un gran erro, entón rogámoslle que retomen esa opción e que busquen a maneira de poñer os contedores soterrados.

**Sr. Alcalde:** É unha pregunta ou un rogo?.

**Sr. López Campos, concelleiro do PP:** Preguntei, e se é afirmativo o que poñía na prensa...

**Sr. Alcalde:** Contestarémolle por escrito.

**Sr. López Campos, concelleiro do PP:** Despois, esta si é unha información que nos chega, pero sen podela contrastar definitivamente, pero si é certo que nos leva chegando varios meses e cada vez de forma máis recorrente e é que xa parte do descontento que existe no ambiente cultural estradense en relación a unha compañía que leva o nome da Estrada por todo o territorio galego, incluso por todo o territorio nacional cunha serie de obras de teatro que están tendo un éxito rotundo e contrastado, e un pouco a decepción que existe por que esa empresa local ou esa representación que tanto éxito está tendo, pois non recibe o apoio necesario por parte do Concello, incluso en algo tan sinxelo como poder disfrutar e poder realizarse facendo esas representacións no seu propio Concello diante dos seus veciños, cunha colaboración municipal ou cunha implicación por parte da Concellería de Cultura. Isto si está contrastado se é así, e a nosa pregunta é por que dende o Concello da Estrada non se apoia definitivamente que esta empresa, esta representación teatral teña a posibilidade de representar esa obra de teatro diante dos seus veciños tendo en conta ademais que a achega que tería que facer o Concello sería bastante asumible?. E nesa liña, no que é o mundo cultura. pois tamén lle fago unha pregunta: se é que son coñecedores dunha situación que parece ser que se está producindo nestes días. Vimos na prensa tamén que o Sr Alcalde inauguraba as novas aulas para ensaios de teatro e si nos chegou tamén certa información que se está procedendo a prestar ou deixar esas salas para que algunhas compañías de teatro que non teñen presenza na Estrada ensaien nelas e se está prexudicando ás compañías estradenses. Se é así, gustaríanos saber cal é o motivo.

**Sr. Alcalde:** Contestarémolle por escrito.

**Sr. López Campos, concelleiro do PP:** Quero facerlle tamén unha pregunta en relación á pregunta que fixen o mes pasado, e que debe estar moi ocupado, pois o seu non é a literatura. A miña pregunta con respecto ás deficiencias que teñen os centros educativos. (dirixíndose ao concelleiro de cultura Sr Sanmartín). Voullo ler, e vaise rir máis pois ten gracia. Sobre as deficiencias nos centros educativos, sobre todo, a problemática que había no Colexio de Figueroa, a promesa que lle fixo o concelleiro á APA de que ía solucionar inmediatamente esas deficiencias; están aínda sen solucionar, comeza o curso académico dentro dunha semana, e eu intentei adornar un pouco a miña intervención, non adoito facelo, pero nese caso intentei adornalo un pouco para ver se despois dun ano e medio podía facerlle caso a esas persoas que tan insistentemente se reuniran con el. E despois de explicarlle o motivo e de facerlle as preguntas, quero lerlle a resposta do concelleiro que é “Están a solucionar as deficiencias que teñen os colexios”, esa é a resposta do concelleiro de cultura. Están, eu non sei quen están, serán os mestres ou a APA ou algo, están a solucionar as deficiencias que teñen os colexios, esa é a súa resposta. E a miña pregunta adornada coa miña retórica intentando buscar a súa implicación. Están, os operarios, como comprenderá eu non sei que están, porque aquí non o pon. Vale, son os operarios, vale. Léolle “En contestación á pregunta do Sr López Campos, respecto ás deficiencias dos colexios, comunícolle o seguinte “Están a solucionar as deficiencias que teñen os colexios”. Sobreenténdese que son os funcionarios, tonto de min non telo entendido, alto e claro. Pois procure centrar os esforzos,

pois eu sei que hai centros educativos que non están a ver solventadas esas deficiencias e algúns incluso mantiveron unha reunión hai uns días con vostede e a resposta non foi por esa liña, e o que lle pediría é que tivese especial sensibilidade coas APA's que fan un traballo bastante digno e con bastante esforzo.

Tamén lle vou facer un rogo, e é unha mágoa que o Sr Alcalde non estivese no mandato anterior cando o Sr Espiño nos cosía constantemente con aquela maldita obra do Cano Sifón. Aquela maldita obra que vostede despois ía meter no Xulgado por que fora contratación ilegal ou por non sei que problemas houbera aí, e que a primeira medida que ía tomar vostede cando fose alcalde era que ía meter no Xulgado a Corporación anterior por adxudicar esa obra de forma ilegal. E agora vemos Sr Alcalde como esa obra vai a ritmo de samba, esa obra eu creo que ten que ir collendo camiño, despois de tantos meses nesa situación, co deterioro no que está e dende logo, co presumible prexuízo que se pode causar tanto aos veciños como aos viandantes, deberían centrarse en intentar buscar unha solución en solventar ese problema. Hoxe é un problema, mañá pode ser un problema máis grave. Deus queira que non pase nada, pero como pase algo a responsabilidade pode ser terrorífica. Rógolle que por favor se centren un pouco nos temas que son de urxente resolución.

E tamén lle quería rogar, por outro tema que temos tamén de veciños, que parece ser que temos bastantes queixas, non coas pistas principais, pero si coas pistas de monte na parroquia de Codeseda, que parece ser que non hai un feeling entre o alcalde de barrio e a concelleira delegada e ten que presentar as cousas por rexistro e que hai unha especie de baile que está prexudicando aos veciños, e entón pídlle que antepoña os intereses xerais aos particulares e que dea solución a eses problemas que teñen os viais en Codeseda.

**Sr. López Campos, concelleiro do PP:** E finalmente, déixoo para o final, porque eu entendo que é un tema bastante serio, e sobre o que dende logo debemos reflexionar e supoño que deste Pleno sairemos cunha decisión tomada, porque nos preocupa un feito que pode prexudicar a moitas persoas que se están esforzando como corresponde para poder acceder a unhas prazas de oposicións pública no Concello da Estrada. Eu quero explicar un pouco cal é a composición da situación e analizar e ver ou trasladar ao Goberno que valore cales son os pasos a seguir, porque dende logo podemos estar ante unha situación un tanto comprometida. Eu quero recordar que no mes de marzo de 2009, a Xunta de Goberno Local toma o acordo de iniciar o proceso para contratar, extemporaneamente, pois nós diciámoslle que non lle daba tempo de cubrilas, e logo tivo que cubrilas con persoal interino. Non lle daba tempo de contratar, publicaron o 4 de marzo as bases definitivas para contratar para cubrir 4 prazas en propiedade na Recadación que pasa a ser municipal. Nesa publicación do Boletín Oficial da Provincia, ía unha praza de auxiliar notificador, dúas prazas de auxiliar administrativo e unha praza de recadador. Esa convocatoria aprobouse na Xunta de Goberno Local o 16 de febreiro e publicouse no BOP o día 4 de marzo. Posteriormente ábrese o prazo para presentar lista de admitidos e o 13 de xullo de 2009, apróbase a relación de admitidos e excluídos para cubrir en propiedade as prazas anteriormente mencionadas. O 13 de agosto, xusto un mes despois, publícase no Boletín Oficial da Provincia o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local onde se aproba a relación de admitidos para os procesos de contratación e as prazas, pero sorprendentemente incorpora un punto a maiores que non vai incluído na Xunta de Goberno Local, polo tanto entendemos que está vulnerando a legalidade; dá trámite o Boletín Oficial da Provincia do acordo de Xunta de Goberno Local, no que se aproba a relación de admitidos, dá trámite, punto 2, punto 3, punto 4º e fixan as datas e non se toma ningún acordo máis. Pero curiosamente, no BOP e asinado nese momento pola alcaldesa en funcións Dona Raquel López Doce, aparece publicado o anuncio no que se detalla a relación de admitidos a ese proceso de contratación e curiosamente o cambio do tribunal, acordo que non foi tomado na Xunta de Goberno Local, o que lles quero informar e supoño que agora saberán da gravidade do asunto, pode supoñer un problema xurídico serio á hora de continuar con esta contratación. Nós non queremos meternos no que é a competencia do alcalde. Sabemos que o alcalde ten competencia absoluta ou delegada na Xunta de Goberno Local para nomear aos tribunais das oposicións, así que evidentemente o alcalde pode nomear os tribunais que considere oportunos. Non parece moi lóxico que entre a publicación no mes de marzo no BOP do mes de marzo e a publicación do mes de agosto haxa un cambio de tribunal. Non parece lóxico se obviamos a situación que creo que é bastante lamentable, e a parte creo que

é de dominio público das desavinzas e diferenzas de criterio que o alcalde tivo cos técnicos municipais nas probas dos tribunais nos últimos meses entre o que foi esta publicación e a publicación das listas de admitidos. Entre tanto houbo un cambio por parte do alcalde por esas desavinzas públicas cos técnicos municipais, cambiou o tribunal, non tomou o acordo en Xunta de Goberno Local e publicou no BOP ese acordo sen estar tomado en Xunta de Goberno Local. Supoño que iso é motivo de nulidade do proceso de contratación, e dende logo non se axusta á legalidade e aquí temos o secretario que pode informar deste extremo. O que está claro é que nós queremos avisar desta situación, dende logo nós non imos xudicializar a vida política a diferenza de outros, nin temos tampouco ese criterio para traballar na vida pública, pero si sabemos que hai un gran número de persoas que están dedicando o seu esforzo e dende logo están empeñando moitas horas da súa vida para poder aprobar estas oposicións, pois é un reto moi importante e cóstanos que o están facendo. E causaríase un grave prexuízo a esas persoas no caso de que as oposicións continuasen adiante e esas bases fosen dalgún xeito anuladas e polo tanto a situación xeneraría un grave problema ás persoas que están preparando esa oposición cun grande esforzo e ás persoas que están preparando esas oposicións con algo menos de esforzo (todos nos entendemos), polo que todos deberíamos intentar facer as cousas ben. Home, se quere escribímosllo nun papel hoxe e entrégollo despois das oposicións, facemos esa proba, a ver se falla mos. Entón, xa nos entendemos. Non imos causar ese prexuízo e sería importante que retomase ese tema, que o analizasen co secretario e que el nos dese a súa opinión. Se é posible que nos dea no transcurso deste Pleno a súa opinión, e senón ao longo dos próximos días se pode facelo. E polo tanto rogamus que tendo en conta a gravidade deste tema e que o trámite non cumpre coa legalidade, tomen o acordo de forma correcta. É unha competencia do alcalde o nomeamento do tribunal, e non temos nada que dicir; que volva a retomar o tema conforme á legalidade e que inicie o procedemento administrativo para garantir polo menos a legalidade do proceso, o resto xa sei que é difícil garantilo, pero polo menos a legalidade do proceso. É o noso último rogo.

**Sr alcalde:** Ben, evidentemente o Goberno ten a asesoría xurídica do secretario da Corporación e aí é onde vai a ver exactamente se o que vostede di é certo ou non. O que si lle estou a dicir é que o Goberno neste momento non vai solicitar o asesoramento do secretario da Corporación e evidentemente actuará, como sempre, co asesoramento do Sr. Secretario da Corporación.

**Sr. Reboredo Baños, do grupo de Non Adscritos:** Ben, nós soamente unha pregunta moi sinxela. Neste momento estanse facendo as obras da Pza. Martínez Anido e sabemos pola concelleira de Servizos Sociais que alí está proxectado instalar unha parte dos parques biosaudables que no seu momento CIDEGA plantexou. A nosa pregunta é: iso significará renunciar aos xogos infantís que hai nesa praza?.

**Sr. Alcalde:** Non.

**Sr. López Campos, concelleiro do PP:** Eu quería facerlle un último rogo, e é que no momento en que o Sr. Secretario faga o seu informe, que mo faga chegar. E rógolle que o informe do Sr Secretario sexa por escrito.

**Sr. Alcalde:** Ben, atenderemos o seu rogo, o Sr Secretario responderá por escrito se o considiera oportuno, eu non lle vou solicitar información por escrito porque non a necesito, pero vostede rogue o que considere oportuno, pero eu non lle vou pedir informe por escrito.

**Dona Lourdes Loureiro Méndez, do PP:** No Pleno anterior, pediuse a reposición duns sinais que foran accrancadas no lugar do Cruceiro e están sen poñer aínda. Tamén, falando con vostede no seu despacho, deunos a Giselle e máis a min o calendario de desbroces moi atentamente, moi ben explicado, pero parece que a teoría non vai coa práctica pois por exemplo, no lugar de Cereixo, están os desbroces para o mes de maio que só se fixeron o Campo da Festa, e máis o acceso ao Campo da Festa, pero agora que había o Festa do Santísimo, os veciños preguntan por que só se desbrozou dúas estradas e o Campo de Fútbol.

**Sra. López Doce do BNG:** O que lle podo informar, é que se fixo, a min o que me consta (pois así mo fixeron saber veciños de Cereixo, creo recordar que foi un veciño de Cereixo, aínda que agora mesmo estou dubidando se foi doutra parroquia limítrofe), é que efectivamente quedaron dous anacos de pista sen desbrozar, pero foi un erro do operario que se encarga desa zona, e vai a realizar un desbroce de pistas principais nesa zona, que é o que se desbroza durante o verán, que foi por un erro e logo faranse cando se faga a parroquia do lado, polo que xa está mirado. En todo caso comprobáremolo.

**Dona Lourdes Loureiro Méndez, do PP:** Outra pregunta que me fan os veciños. Asfaltáronse dúas estradas, unha que vai de Señoráns a Cosntenla, que estaba xa asfaltada de non hai moito, e outra que lle chaman a estrada da Penela, que non fai moito servizo, e entón preguntan por que se fixeron esas e en cambio non se fixeron a que vai a Señoráns que está bastante festidiada e polo medio a que vai de Señoráns á Igrexa? . Nada máis.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas vinte minutos.

A Estrada, 3 de setembro de 2009  
O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González